

REVISTA CULTURAL E ARTÍSTICA BRIGANTINA
nº 1 setembro, 1992

AVELAÍÑA

Nº 1, Setembro, 1992

Director: Daniel Martínez García

Mesa de redacción:

Isabel Maceira Cortés
Julián Ferrer García
Juan Vázquez Pousada
Inés Lareo Sánchez
Victoria Penide López
Silvia Roel Tasende
Julio Pérez Domínguez

Colaboran neste número:

Olga Patiño Nogueira
O Vello Cidre

Debuxan:

José Tomás Díaz Teijo
Jorge Saavedra

Deseño:

Avelaíña

Edita:

Lanzós

Dirección:

Apartado de Correos 97
Betanzos

SUMARIO

Portada.- José Tomás Díaz Teijo

Páx. 2.- Sumario

3.- Editorial

4.- Verbas, por Maribel

6.- Falamos con/Hablamos con...,
por Inés e Victoria

8.- O noso futuro: Mirando la uña de
mi dedo, por Victoria Penide

9.- Fiais: O son do silencio, por Olga
Patiño

10.- Tradicións, por Julián Ferrer

11.- Paseemos por..., polo Viaxeiro
errante

12.- Para ler, para ver, para oír

14.- Co ollo crítico

17.- Noticias, por Victoria e Inés

19.- Llanto por la muerte de Antonio
Machado y Ruíz, por Juan Vázquez

20.- Contraportada, por José T. Díaz

EDITORIAL

¡Ah, o verán, o verán! ¡Que fermosa estación! O sol, a calor, a ledicia do descanso, todo fai que nos esquezamos de moitas cousas. É tempo de folgar. Inda eu descansei; fixenme preguiceira. Mais chegou o tempo de estar convosco, e a miña obriga é despreguiçarme, e contarvos moitas cousas. Voei muito este verán, e descubrín lugares, costumes... Tamén meditei, e isto fixome máis vella. Non moi, a verdade; pero si o suficiente para darme conta de cousas, detallíños que no meu primeiro vo polos ceos betanceiros fóroneime. ¿As pantasmas da imprenta? Mais ben os poucos anos.

O primeiro, inda que foi case que voluntario, é que non vos dixen cada canto tempo la aparecer ante vos. As miñas forzas, as miñas febles ás, dinme que é millor facelo cada tres meses: setembro, nadal, marzo e xuño. E si algunha vez atrásome, non mo teñades en conta. ¡Son tan pequerrechíña!

Tamén sei que esquecí a alguén, que houbo actos culturais dos que non dixen nada. Non foi querendo. Se eu poidera, adicaría a lo menos unha páxina a cada un de vos. Perdoade, e botademe unha man. Xa vos dixen que eu son vos, que todos xuntos temos que facer AVELAÍNA. Eu non podo estar en tódolos sitios, e é por iso que pido la vosa axuda. Se algunha outra vez tedes queixa de min, dicédemolo. Mellor se o facedes escribindo as cousas que eu esquecí. Non é difícil. Todos levamos connosco un chisquín de poetas. ¡Non o deixedes durmir para sempre! E non só os meus olvidos, senón os contos, as anécdotas, as lendas que conezades... ou que inventedes. ¡Non vos esquezades de mi! Se algunha cousa anubeou o meu sol deste verán foi ver que case ninguén acordouse de "Avelaíña". E isto ponme triste.

Pero voltemos a ledicia, e más neste número 1, no que vestímonos de festa, primeiro para agarimar ós novos membros da nosa redacción, xente xoven e bulidora, a quen damos a benvida; e segundo, para acompañarvos nesa subida ós Caneiros, cas flores, os cánticos, os sorrisos, a ledicia. Eu tamén estarei convosco. Voarei cas miñas ás ó redor das lanchas, e ó longo do río, participarei de todo o que fagades. Se nalgún intre sentides coma un lixeiro roce de ás suave, moi suave, e feito con moi cariño, son eu; non me espantedes coma un mosquito. Deixádemme voar o voso lado. E cando más adiante lembrades os últimos Caneiros, seredes dúas veces felices. É por iso que esta AVELAÍNA quere adicar o seu número 1 a romaría dos Caneiros.

Non quixera rematar estas líneas sen agarimar con toda suavidade ós componentes da lancha de Veteranos, que tiveron un pequeno accidente no segundo día dos Caneiros. Algún deles é familia dunha das nosas redactoras. ¡Ánimo! Pronto estaredes connosco. Un saúdo moi agarimoso.

AVELAÍNA

Verbas

Festa é unha palabra alegre é o alma da festa debe de se-la alegria. Os betanceiros, aló polo mes de agosto, celebramo-las festas patronais adicadas a Santa María do Azogue e San Roque; pendante 15 días o aire da nosa vila énchese de luces, fulgores, cores, tintes e matices que lle dan a nosa paisaxe un aspecto sinxelamente magnífico. Sons de música con sabor a bandas, gaitas, folk, rock..., fan o marco idóneo para tan fermoso cuadro. Son moitos os forasteiros que se achegan acó; uns por curiosidade e outros para disfrutar nestas datas da compañía dos seus amigos e familiares, permitímono-lo luxo de fachendar ante eles da singular e expléndida beleza da que nos temo-la imensa sorte de disfrutar sempre que o desexemos.

Dous destes días son ben singulares, podemos presumir de facer unha celebración excepcional, unha xira sobre o río Mandeo deica chegar o campo dos Caneiros. Se ben as orixes desta celebración semellan moi humildes, podemos sen dúbida, dicir que hoxe ten identidade propia; tal identidade esixe unha cuidada e esmerada preparación da mesma. Deberíamos sentirnos tódolos betanceiros ben orgullos dela, xa que non creo que exista ningunha romaría semellante a nosa; ou polo menos eu non teño coñecemento dela.

Desde uns días antes o aire da nosa pequena comunidade enchese de verbas dun sabor especial, por tódolos lados estase a falar dela. Algúns pensan en ir, polo que é necesario pensar nos preparativos, preparativos que constituen un rito e case que o inicio da mesma. Precisa reunirse o grupo que pensa en celebra-la xuntos. A lancha esquenizada durante longo tempo espertase do seu sono, e tornase na raíña indiscutible da festa. Coma unha raíña compórtase, permitindo toda clase de aloumiños, mimos, agasallos, obsequios que se lle fagan, para lucir cunha fermosura maxestuosa nese día tan sinalado para ela; palmas trenzadas con forma de arco para acoillir no seu seo os seus heroes rescatadores, fieitos, hortensias, dalias.... un sinfín de presentes da súa nai a Natureza. A decoración leva boa parte do noso tempo e dos nosos plans. Non menos importante é a elección e confección das viandas coas que nos deleitaremos neste día; dende logo non debe faltar o viño ben fresquiño, i moito mellor si é do país! . Estas labouras e outras semellantes aglutinan ó grupo nunha fervente actividade común, tódala súa tarefa xira entorno a un eixe fundamental iA preparación dunha festa tan especial!. ¿Hai algunha labor ou ocupación más fermosa que preparar unha festa na que

se disfrutará da compañía dos amigos?. Eu coido que ben poucas se poden igualar en atractivo, témo-lo afán da alegria e iso fai que os nosos espíritus se eleven.

O chegares o día, espertar con foguetes e sons de música de gaitas anunciante que será un día meigo, prométese bon tanto polo sol que está a lucir coma polos deseños que tiñamos de que chegase; non en vano estivemos a traballar perseverantemente durante os últimos tempos.

Os movementos das rúas son ben distintos dos habituais, un ir e vir de empanadas, bolsas, romeiros có aire desenfadado que das súas vestimentas informais se desprende, diríxen os seus pasos cara a Ponte Vella. Alí ó espectáculo é maxestuoso, poderosamente suxestivo; ámbolos lados da ponte cheiños de espectadores, atraídos fortemente coma se un imán os retivese, obsevando como Mendo está rebosante de barcas engalanadas rivalizando en fermosura para acada-lo seu amor. Os seus pasaxeiros danlle os últimos retoques coma se de noivas se tratase e hoxe fose o seu casamento. Todo hule a xúbilo, satisfacción, deseños dunha feliz xornada. E a hora do noso embarcamento; non pudo negar que sinto unha pouca teima ante a pedra mollada e o esteiro que semella estar esvarento; as veces deica chegar a nosa embarcación temos que atravesar dúas ou tres lanchas; aproveito esta ocasión para observar a súa decoración sempre desexando comprobar que a nosa é a mais fermosa de todas.

O estares a nosa pasaxe completa, lentamente escomenzamos a remonta-lo río. Mandeo semella iñora-la nosa presencia, ocupado como está no seu pasenxo descenso cara o mar. A marea está algo baixa dificultando a subida das lanchas más grandes, algunas terán que esperar deica o repunte para escomenza-la súa subida.

Mergullámo-los remos na auga para cia-la embarcación; escomenzámolo remonte do río cos motores a ralentí ou a remos.

Unha vez pasado o regueiro, buscamos lo refuxio que nos está a ofrecer un ameneiro, a súa sombra protexeranos mentras degustámos e compartimos os alimentos cos nosos amigos. Atopámonos nunha paisaxe fermosísima no seu silencio, pero hoxe de maneira excepcional disfrutamos nela dun espectáculo único, no que estamos a ser actores principais e espectadores de primeira fila. Mandeo mece o noso berce e arrinca dos nosos beizos unha vella canción; as voces vanse sumando deica chegar a unha perfecta armonía de sons, semellante o que nos cantan as augas do río ó arrola-lo noso berce. O tempo semella estar detido.

A necesidade de estirar e desentumece-las pernas líbranos deste sono; sentímo-lo desexo de chegar ó campo. Amodiño, preguizosamente, sentindo mágoa de abandoa-lo noso sono achegámonos os Caneiros.


O primeiro que percibimos é o barullo que se o lonxe, producido polos romeiros que chegaron antes que nós. Xa na primeira ollada percátaste que é unha romaría sen medida, sen patrón, sen imaxes estereotipadas. O ritmo é delirante, frenético, loco, tolo. A xente brinca, bota un tras o outro, fan unha rolda. O lonxe unha gaita loita para imponer o seu ronco son; en torno a ela márcanse uns pasos de muñeira.

Collidos da man metémonos no medio do baile, a loucura dura deica percatármonos que as nosas gorxas estaban secas e sedentas; entón encamiñámos los nosos pasos cara a fonte. A auga fresquiña e cristalina parecía estar a agardarnos para renovar os nosos folgos e as nosas enerxías.

A música, coma se cousa de fadas se tratase, facía rebuli-lo sangue; os nosos pes sen sentir ningún cansancio movíanse sen parar. Non cabe dúbida que é unha festa prodixiosa onde tódolos sensos son agarimados e recreados. As rosquilleiras nun lado do campo estaban a ofrecer o seu producto ensartado nunhas variñas de castaño; non poidemos evitar a tentación de mercar unhas. Do mesmo xeito tentounos un chiriguito de colares e gorros de vistosos colores. Incapaz de resistirme o seu deslumbrante colorido engadímos dous colares a nosa vestimenta, xa de por si bastante informal.

As lanchas, case que núas de pasaxeiros semillaban ollar a tolemia dos mesmos, coma se de nais vixiantes e amorosas se tratase. Aquilo era bonito de veras, sentíase o espíritu da comunicación que invitaba ó trato, a feira, a renovación da vida. Atopámonos alí coas nosas lanchas para vernos, relembrarnos, beber, bailar, divertirnos, cambear de amores e de impresión.

A tarde escomenzaba a caer. Paseníñamente os romeiros, tras despedirse, escomenzan abandoa-lo campo. Dirixímonos cara á vila co noso bote. Acendemos os faroliños e as velas, para consumir nunha cea improvisada os restos da comida. A súa luz mortecina coordina cos nosos estados de ánimo. As despedidas sempre son tristes, deixannos un pouco morriñentos; danos mágoa que remate o día. Facemo-lo noso descenso paseníñamente, case que a mesma velocidade que ó día perde a batalla contra a noite, as néboas dan un aire de tristura, mistúranse coas escasa iluminación do interior da lancha; folgos en decaemento, alguén intenta unha



canción, pero as voces saen rotas e descascadas.

Entón un espectáculo maravilloso; Mendo revelase do feito de perder a súa preciosa carga, das súas augas emerxen estreliñas de cores: brancas vermellas, douradas, verdes...; variadas formas. Promesas de amor que non serán esquecidas, esvaese a néboa da nosa murria, emerxe a esperanza, volta a nos o sentimento da alegria. ¡Vencimo-la oscuridade da noitel, sentímonos alixeirados.

Por certo; contoume un amigo preso do sono, que non tivo folgos para voltar a vila ese día, que pola noite, coa luz da lúa acesa, escoitou falar a Mendo, os Caneiros e unha lancha.

- Quedo mergullado e sen herba de tanto coma brincaron sobre mim, pero estou ledo; xa que sei que non me esquencerán. Gracias a eles, eu son un campo moi popular e a miña sona é importante.-Dixerón os Caneiros.

Mendo agarimouno coma se lle quixese prometer que o preciosos líquido que él estaba a transportar faría volta-la herba que era a súa vestimenta habitual.

- Eu quedo canso de levar as miñas costas tanto peso, e un pouquín porcallento; pero cando na ría abrace ó mar dos meus amores, entregareillo como un tesouro. Para que tódalas augas do mundo saiban que a xente da Nobre Cidade de Betanzos queremne, aloumíñanme e que para eles son moi, pero que moi importante.- Dixo Mendo.

- Volto o meu sono, fun raíña por un día; estou cansa, moi cansa. Boa xente estes betanceiros fillos da Nobre Cidade dos Cabaleiros; non en vano "de casta venlle ó galgo".- Dixo a lancha.

Mendo bicouna cos seus beizos, prometendolle vixiar o seu sono.

Dende o ceo a lúa chuscoulle un ollo o meu amigo, engruñado nun currunchu da lancha intentaba protexerse da suave xiada do mes de agosto. Díxome que esa noite durmiu moi tranquilo, porque soubo que estaba entre amigos.

Isabel Maceira

FALAMOS CON.../HABLAMOS CON...

Como todos los años por estas fechas, o mejor dicho, por las cercanas a la segunda quincena de Agosto, transcurren las jornadas de los Caneiros que, como viene siendo habitual desde hace unos años, van acompañadas de una fuerte polémica. Nos ha parecido un tema muy interesante para hacer un estudio entre los diferentes puntos de vista.

En realidad hemos intentado conseguir un testimonio de cada opinión, pero encontrar a alguien a favor de la tónica de los últimos años es verdaderamente difícil, ya que ¿quién no es consciente de la degradación que ha sufrido nuestra fiesta? Nosotros, y más concretamente nuestros padres y nuestros abuelos, no lo dudamos. Desde luego, la fiesta ha cambiado. ¿Ha sido para peor?... Esto le preguntamos a nuestros entrevistados, y nuestra peregrinación empezó por ahí.

Todos coinciden en que los que realmente exageran son grupos foráneos, y que hay que volver a lo antiguo. Aunque difieren en la actitud de la gente en los Caneiros del día 18, todos coinciden en que los del día 25 estuvieron mejorados.

Tomamos como ejemplo las declaraciones de dos jóvenes; un betanceiro de toda la vida, y un voluntario de la Cruz Roja. Ahí va la muestra... José Veiga y Manuel Pedreira no pasan de los 20 años. El primero no se pierde esta fiesta desde hace cinco años, y el segundo sólo ha ido una vez, el día 18 de este año. Sólo los conocía, como muchos de nuestros paisanos, de oídas.

Lo primero que les preguntamos fue acerca de su opinión sobre los Caneiros de este año. La respuesta de Manuel no fue muy concreta:

-- **Regular, tirando a bien, nos dijo.- Me habían contado que había más gente tirando vino.**

José, o Veiga para los amigos, estuvo muy seguro al contestar nuestra pregunta:

-- **Los del día 18 mejor que los últimos años, ya que hubo menos gamberrismo. Los del día 25 mucho mejor, porque la gente de Betanzos consiguió que la de fuera no se propasase.**

Como íbamos entrando en confianza, ellos se fueron soltando... y perdiendo la vergüenza.

-- ¿Os parece divertido y digno de conservar el acto de tirarse vino y romper la camiseta?

Los dos fueron radicales, y compartieron res-



puesta. Ponemos sus palabras textuales:

-- **Nos parece una imbecilidad; o mejor, una subnormalidad. De retrasados mentales.**

Manuel se acomoda mejor en la banqueta, y Veiga sonríe esperando que continuemos el bombardeo.

-- ¿Qué opináis sobre la actitud de ciertas personas de conservar lo antiguo?

-- Manuel, muy escueto: "**Me parece bien, porque era más auténtico**"

-- Veiga, mucho más expresivo: "**Perfecto; era cuando se vivían los buenos Caneiros. En plan bien, ¿entiendes?. Aunque a mí no me tocó vivirlos.**

-- ¿Creéis que hay tópicos establecidos entre la gente que va a pie y la que va en lancha?

-- Manuel contesta enseguida: "**Yo, por lo que me han dicho, ya te digo, creo que sí**".

-- Veiga tiene más experiencia: "**Yo fui a pie y en lancha, y pienso que en barca la gente vive de verdad lo que es la fiesta, de un modo más... (duda durante unos momentos y nosotras lo ayudamos: ¿enxebre?). Sí, "enxebre" que yendo a pie.**

-- ¿Cómo os gustaría que fuesen los



Caneiros el año próximo y, en general, siempre?

Manuel es escueto pero claro.

-- **Como me contó mi padre que eran hace 30 años.**

Veiga tiene un modelo más detallado.

-- **Como una buena fiesta donde todos, betanceiros o no, lo pudiéramos pasar bien sin ningún problema y, aunque se beba y uno se ponga contento, hay que controlarse un poco.**

-- ¿Os gustaría dar un mensaje para esa gente que ha contribuido a deteriorar nuestra tradición?

Veiga salta enseguida.

-- **La gente se puede ir tomando un poco en serio la idea de todos los betanceiros de poder vivir los Caneiros.**

Manuel, aunque al principio se muestre reacio, también nos da su mensaje.

-- **Cada vez son menos, y pueden ir olvidándose de hacer el tonto; se puede pasar bien de otras formas.**

Le dimos las gracias y nos despedimos de ellos. Ahí quedan para todos sus opiniones.

Una vez terminadas nuestras primeras entrevistas, decidimos preguntar a un betanceiro de pura cepa, Sindo Lareo, que ve los Caneiros desde una perspectiva adulta, y que a pesar del desgraciado accidente que sufrió este año en la romería, accedió a hacernos unas declaraciones sin que, naturalmente, nos refiriéramos al suceso.

-- ¿Qué te han parecido los Caneiros de este año?

Sindo nos mira con una cara resolutiva.

-- **El primer día, un desmadre, imposibles. De no bajar de la lancha, y todo por culpa de grupos foráneos. El día 25 fue más tranquilo; incluso pudimos bajar de la lancha, al campo.**

-- Prescindiendo de vuestro accidente, ¿te parece que los medios informativos reflejan la realidad fielmente?

El NO fue radical.

-- **Exageran, y lo describen como una bácanal. No nos benefician en nada dando informes falsos, porque los que piensan divertirse en plan gambero son atraídos por éstos.**

-- ¿Piensas que la actitud de la gente en los Caneiros del 25 es un modelo a seguir para próximas romerías?

-- **Sí, aunque mejorándolas. De todos modos, son un gran paso.**

-- ¿Qué echas de menos en los Caneiros actuales que hubiera en los antiguos?

Su mirada es ahora melancólica.

-- **La camaradería, la convivencia, vecindad... Se intercambiaban comidas, bebidas y postres. En pleno campo, la gente comía y merendaba. Ahora esto es imposible por los gamberros, que se dedican a tirar vino y romper las camisetas. Además, había grupos de gaitas y musicales, para que la euforia etílica se pasase bailando.**

-- ¿Crees que hay algo de los Caneiros actuales que sobrepase a los antiguos?

Parece tener que rebuscar en todos los huecos de su cerebro, y después de unos minutos dice sin mucho convencimiento.

-- **El campo está más cuidado; tiene mesas y sillas..., aunque no se pueden utilizar. También hay mejores embarcaciones, aunque algunas son demasiado rápidas, y perturban la paz de la ría.**

-- ¿Qué tipo de medidas tomarías para atajar el desorden actual?

-- **Controlar los grupos de gamberros y la venta de vino, sin venderlo a granel, para impedir que se tire.**

Así opinaron los entrevistados. Parece que todos ellos están en contra de la nueva moda de tirar vino y romper camisetas, pero la realidad es que ésta es la tónica que se sigue. ¿Será verdad que los únicos que lo hacen son los de fuera? ¿Se perderá el espíritu brigantino y se dará paso a una simple fiesta turística? Nadie sabe y nadie contesta. Parece que se tomarán medidas. ¿O acaso se ladra demasiado y no se muere en absoluto? La respuesta no la tenemos nosotros ni ustedes; está por ver, y el futuro nos dará la solución. Así lo esperamos. Mientras tanto, que siga la fiesta y la romería siendo "fiesta y romería" para TODOS. ¡Vivan los Caneiros!

Inés y Victoria.



O NOSO FUTURO

MIRANDO LA UÑA DE MI DEDO

Mirando al vacío. No, al vacío no. A la media luna de la uña de mi dedo anular. En la radio sonando música moderna a toda voz. Me miro el dedo. ¿Qué veo? Una uña cuidada, a través de la que pasan tensiones, miedos, ilusiones, esperanzas, sueños y sueños.

Y en la media luna de mi uña se condensan razones, tiempos, momentos, recuerdos, amistades.

Pienso, sueño en atravesar el firmamento en un vuelo gris sabor de chocolate amargo en el que viva a través de objetos. En un viaje en que libere las tensiones de la media luna de mi dedo anular.

Una lágrima lila cruza la mejilla dulce y quiere vivir. Quiere ser. Busca la vida en ese viaje color de chocolate. En una mesa una lata de un refresco con la pintura descolorida, busca la vida. Quiere ser. Las viejas pinturas que contiene ríen ante la lágrima lila. No quieren ser. Solo buscan la paz de la luna de Plutón.

El reloj da las once con una música estúpida y metálica. Entretanto un cuervo negro como la pez cruza el firmamento. Pero no hay objetos. Sólo un blanco y melodioso vacío.

Y en el piano, las teclas negras y las blancas luchan en horrible y estridente batalla.

Pero al cuervo no le importa. Ya ha cruzado el firmamento tan vacío. Se posa sobre una de las pinturas que han parado de reír.

Junto con el negro animal lloran, lloran espiralmente y armoniosamente. Y un cúmulo ingente de adjetivos inútiles cae sobre sus cabezas de papel.

En la radio suenan a un volumen más bajo baladas tontas, sobre amores imposibles y niños ricos que no tienen moto.

Un absurdo. Un simple absurdo que insistentemente martillea la media luna de la uña del dedo anular.

Una media luna que junto con otras diecinueve o más, quizás más descuidadas, gime al son del viento. Un viento susurrante que con siseantes silbidos rasga telas de pantalones en un odioso y tedioso ritmo brasileño.

Tras la lata y los lápices, montañas de silenciosos libros se amontonan inconscientemente. Pero el mal está cerca. El miedo se aproxima.

Todo es malo salvo un tonto e idealizado personaje de cuento. Pero no podía ayudarles. ¿Qué será de ellos? Tal vez nunca lo sepamos; quizás la vida nos depare más sorpresas marrón oscuro, como el chocolate amargo.

Sobre un fondo negro el blanco central mira fijamente a tu nariz. Esa nariz clásica y armoniosa que describe una complicada escala cromática de forma ascendente.

Y el blanco central persigue al cuervo.

Pero él correrá, volará, tocará, cantará como nadie, y ni el mejor de los mejores logrará llegar a su nivel.


Ahora la radio emite música clásica. La noche se vuelve más y más odiosa. Tengo sueño y no dormiré.

El despiste mundial se apropiá de su alma y los lápices lloran. La lata pierde más y más color, que jamás le será devuelto. El cuervo pierde su majestuoso plumaje, y la uña se queda pequeña y sucia.

El tubo de pegamento se ríe, pero pronto llorará como antes lo hicieron los lápices y pronto lo harán los libros, e incluso la propia radio emitirá agudos chirridos de dolor que se clavarán en el edredón de la cama, en la que se cobija el pobre cuervo que cruzó el firmamento. Hileras y más hileras de muñecos cubren el cuarto, la casa, el edificio, el jardín. ¡No! ¡Van a alcanzar al cuervo! ¡Será el fin! No deberían de haberlo hecho. Ahora el blanco y vacío firmamento lo cubrirá todo. Lástima.

Estúpida media luna de la uña del dedo anular.

Victoria Penide



FIAIS: O SON DO SILENCIO


A medida que avanzais pola serra de Bendoilo, pobo no que naceu a miña nai e máis a miña avoa, pobo que levo sempre na memoria e preto do corazón, atópase unha paisaxe de montañas peladas de arbres, cubertas por ásperas carqueixas, uces e xestas salpicadas dalgún que outro salueiro o vidueiro...que che fan sentir pequeno por fóra e grande por dentro. É unha tarde de vrao, bañada de ar quente, acompañada dunha suave brisa que se agradece. O ceo non é limpo como o dos días anteriores, senón que as nubes saen tras dos montes. Son nubes escuras, con volume, con voz de trono. Podería ser unha tarde como outra calquera, chea de sosego. Mais non, ista tarde tornouse distinta cando dende a ladeira do monte fixose presente un pobo coas casas de pedra e cos teitos de lousa, que arrolado polo vento semellaba pedirche que respetases seu gris-silencio, sobor do verde-amarelo da terra.

Bañábaos a luz do serán, dándolle unha atmósfera case irreal. Ó lonxe non se percibía a presencia dos homes, nin de animais, nin sequera os risos dos nenos. Semellaba un pobo durmido, arroupado polo son do silencio. E seguíndole adiante no coche até chegar a primeira casa; baixeíme e unha bocanada de vento quente foi o primeiro saúdo. Adentreíme polos maltratados camiños de pedra: casas de portas e xanelas pechadas, algunas descoidadamente abertas... Era evidente que o home non desexaba seguir escribindo a historia naquel lugar. Sempre pensei que un pobo abandoado resultaría ameazante, chegando a esquecer nise intre que as pedras teñen historia, mais carecen de ollos, brazos, e verbas que, con tanta asiduidade, os homes empregamos mal. Así, deste xeito, encamiñeime por un carreiro longo e estreito. A un lado e a outro, muros caídos que non resisteron o abandono, escalaes desdentadas polo paso do tempo, corredores mudos, casas en pé combatindo o silencio... Acababa o camiño nunha igrexa, co campanario loitando por non caer no olvido dos homes.

O lado, o cemiterio cuberto de silvas e de herbas secas. Atopábame eu perdida en mil historias que o eco daquelas pedras me murmuraba, cando os ladridos dun can fixéronme voltar de súpeto a realidade. Guieíme polos seus lonxanos ladridos ata descubrir a unha muller de mediana idade, de rostro xeneroso e hospitalario saúdo. Contou con esa sabiduría que che dá o contacto coa terra por qué os seus veciños xa non estaban na aldea. Ela, o seu marido e as súas fillas eran os únicos habitantes que quedaban no pobo, e por pouco tempo, xa que eles partirían moi pronto tamén. Rosa, a menor das fillas acompañounos ata a fonte: a auga, a nena, o seu pai ó lonxe recollendo herba, eran a contrapartida vida-morte daquelas pedras con ausencia de futuro.

Cando vas da cidade, cegado polas luces de neón, os ruidos dos coches, os berros das xentes na rúa e buscas o contacto directo coa Natureza, daste conta da falla de autenticidade que hai lonxe dela. Moitas xentes que viven na aldea, fuxen da soedade, do atraso, do vacío de oportunidades e buscan o confort. A meirande das veces o precio que hai que pagar por ese "confort" -consumismo- alienación de esa perda de autenticidade. Por iso, deséolle o mellor dos futuros a Rosa e a súa familia, e sinto que, con eles, fuxa de Fiais o último salaio de alento humán. Alí quedarán as pedras caladas na súa propia historia, os mortos cos seus sonos de neve e aquelas flores de plástico, colgadas dalgúns nichos, que o sol, a choiva e o silencio rematarán por deixar sen cores durmido a melancolía dun sono eterno.

Olga Patiño Nogueira



Tradicións

Unha sección coma esta, adicada ás tradicións, nunha revista que ten por tema central a festa dos Caneiros, ben podería adicá-lo seu espacio ó tema do río. Non en vano o Mandeo é personaxe sobranceiro desta xira. De todos xeitos non queremos ficar só no aspecto festivo, pretendemos abrir máis a perspectiva de contemplalo río noutras situacións é a través dunha escolma de variadas formas tradicionais que van dende a cantiga á adiviña ou ó refrán.

Se mentres ledes estas liñas accordadesvos doutras tradicións nas que o tema do río apareza, non deixedes de contármolas.

Escomenzamo-la nosa xira a carón das pedras vellas da Ponte Vella, onde tomamo-lo bote que nos vai levar río arriba. E así chegamos á fonte dos Anxos. Xa no bote escoitase a cantiga onde osdobles sentidos conviven coa poesía:

"Unha nena nunha fonte
por unha berza bebia.
A berza estaba rachada,
toda a auga lle vertía:"

E o sentido áinda se esconde nesta outra:
"Rapaza si vas ó río a lavar
non molles a roupa que a podes rachar":

Ou nesta outra onde a fecundidade, representada no millo, a auga do río, as lavandeiras, e mesmo o namoro fuxidío do viaxeiro, atopan un recuncho onde estar xuntos:

"Polo viveiriño, polo viveiriño cantando.
as nenas do viveiriño quedan no río lavando.
Semente non collín, a beira non as rebota.
Vale más, vale más un amor de lonxe
que trinta e cinco á porta.
Sementeí o millo miúdo
no colo duha rapaza.
Téñome, téñome que ir desta terra
antes co millo naza".

O río, pois, sempre é símbolo e lugar do amor, de citas e de promesas namoradas coma esta:

"O outro lado do río
ten meu pai un castiñeiro
que da castañas no maio
e uvas blancas no xaneiro"

O bote segue a navegar polo Mandeo arriba que a adiviña popular agacha neste pareado:

"Largo coma un camiño
e torto coma un fouciño"
"Á dereita, San Xiao. Pouco resta para poder

ollar as vizosas leiras destas terras. Leiras que nos lembran o dito: "Maceiras na horta, rapaces a porta".

Un velo colle miñocas para unha mañán de pesca e recordamos a adiviña:

"Anda de buraco en buraco
e coas tripas arrastro".

A sombra mesta vai crecendo río arriba. Augas más bravas refírennos agora, entre risas, a súa propia adiviña:

"Eu corro libre
e ninguen me emporca.
Vou dando brincos
como unha tola.
Movo muiños
chousas afogo.
Tuxo nas fontes,
nos ríos ando".

Chegamos á beira do Mandeo que vai acoller a nosa xira. Alí segue a festa que empezou nos botes. As risas, os xogos, os despistes de parellas, e a música. ¡Por certo! ¿Alguen coñece esta adiviña?:

"Zuncarrundullo estaba na festa;
no medio hinchaba,
no rabo roncaba,
tiña orellas
e zangoneaba."

O día xa pasou e o Mandeo, manseniño, deixanos voltar á casa. Entre lusco e fusco as últimas catigas. E a lúa nova, aliada do río, achéganos como compañaíra deste fin de viaxe.

"Cae nunha roca e non rompe.
Cae no río e rompe".

NOTA

Tódolos textos entre comillas son transcripcións literais de tradicións orais recollidas polo autor.

Evito indicar detidamente as fontes de información buscando más a axilidade literaria que a puridad científica.

E posible que coñezades variacións ou outras tradicións coma estas. Sería de grande utilidade que estas páxinas puideran servir de cauce para coñecelas e consevalas. Para iso poñédevos en contacto coa redacción da revista. Graciñas.

Julián Ferrer.

PASEEMOS POR... OLLAR BETANZOS

Comezamos con este unha serie de artigos adicados a pequenas excursións nos arredores de Betanzos, buscando principalmente, a máis do paseo, perspectivas novas de Betanzos dende os más diversos puntos.

Neste caso sairemos de Betanzos pola entrada que vai a Santiago, e pouco despois de atravesar baixo da ponte da estrada de circunvalación, atopamos á esquerda un camiño empedrado que vai cara ó asilo de anciáns. É unha empinada costa que hai que encarar con calma.


Chegamos frente á porta do asilo, e xiramos cara a dereita, paralelos ó muro deste mesmo asilo. Cincuenta metros máis arriba atópase a nosa primeira proposta de miradoiro de Betanzos.

Unha vista privilexiada na que a ría ábrese ós nosos ollos flanqueada por outeiros verdes que conforman o que se coñece como "As Mariñas". Á esquerda ollamos a vixiante igrexa das Angustias, observadora, asombrada seguramente, do crecemento da cidade. Un pouco máis aló, as lombas de Bergondo gardan o Pazo de Mariñán.

Á dereita, a estrada de Ferrol é perfectamente visible na "Volta do Codo". E no máis alto deses outeiros, agachada tras unhas árbores, a igrexa románica de San Martiño de Tiobre, da que xa falabamos no número anterior desta revista.

Mais perto de nos, en primeiro plano, Betanzos, que dende aquí esconde a zona máis antiga (apenas vemos outra cousa que as remoza das torres da igrexa de Santiago), aínda que nos mostra gran parte do crecemento urbanístico actual en torno á rúa Jesús García Naveira e o núcleo da Condesa.

E non imos esquecer o edificio máis sobranceiro do crecemento betanceiro, a Torre, ó lado do Campo, paradigma inmellorable do que se




coñece por "contaminación visual". En primeiro lugar pola desatinada altura respecto ó medio urbano no que se enmarca. Engadiremos tamén que dende a panorámica de hoxe, a Torre non mostra fiestras, tan só unha parede furada con pequenos tragaluces.

A volta farémola colocándonos de novo frenete á porta do asilo, mais encarando agora cara á esquerda, que inicialmente persiste en mostrarnos Betanzos e, tras unha curva á dereita, ábreños unha visión nova, o val do Mendo no que se coñece como A Cea, Roibeira e, encaramada na aba do monte, a igrexa tamén románica de San Miguel de Brabío.

Cen metros máis abaixo atopamos un novo cruce. Se imos cara á esquerda chegaremos, por unha rúa de incontestable sabor tradicional, a As Cascas. Poderemos cruzalo Mendo pola fermosa ponte de pedra, ollar os antigos escudos de Betanzos nela esculpidos.

Se imos cara á dereita chegaremos aestrada de Curtis case no empalme que nos leva a Roibeira. Pero iso podería ser unha fermea excusión para outro día.

O Vixaeiro Errante.



PARA LER, PARA VER, PARA OÍR

OS TENROS SUSPIROS DO SEÑOR BRINES

"Mi poesía es un resultado de mi persona, y mi vida es todo lo que me sucede".

El quizais xa non se acorde daquela conferencia (que eu más ben chamaría confidencia), naquela perdida universidade, nun día de abril. Difícilmente, por non decir imposible, lembrará a miña cara agachada entre todas aquelas que o miraban con ollos grandes coma pratos polo asombro de ver a un poeta vivo falándonos da súa obra nestes tempos tan malos para a lírica. Pero eu si que non olvidarei a súa, a cara dun home a unha idea pegado, que nos gustou seguramente porque dixo o que nós queríamos oír. Os labios dun home que confesou a súa intención de vir só a pervertirnos. E conseguiuno facer cando se atreveu a pronunciar palabras prohibidas no mundo de hoxe: "poesía", "amor", "emoción", "entusiasmo", "sensibilidad",... Palabras desas que producen vergoña a quen as dice que non levan a ningunha parte, só contribúen a afilar todavía máis a nosa conciencia de pecado. Aquel poeta chamado Francisco Brines abriu a súa boca e dixo:

"La poesía se hace desde el entusiasmo y desde la capacidad de asombro. Una de las mayores satisfacciones que podemos tener es ser conscientes de crear algo. La poesía se recibe desde la sensibilidad y el autor debe componer para sí, para emocionarse componiendo."

Véndoo ali diante, escoitando a súa voz que clamaba no deserto dos prosaísmos actuais, ique lonxe parecían quedar aqueles poetas que estudiabamos nas enciclopedias de literatura! Os Quevedos, os Góngoras, os Esproncedas, de súpeto, semelláronse mortos polos séculos de los séculos. Foi entón cando comprendín a verdadeira esencia dese exercicio psíquico ó que chamamos poesía. Máis que unha manada de palabras en constante estampida buscando un autor, a poesía é materia viva. E como boa materia, nin se crea nin se destrúe, está sempre en constante transformación cardioencefalólica. A poesía é, por encima de todo, vida. A forma de vida que sustenta a existencia de todo poeta.

Señor Brines, prometo solemnemente ter pecado. Confeso ter escrito poemas con entusias-

mo e con emoción, confeso terme derretido nunha interminable sensibilidade lendoos depois unha e outra vez. Reconozo, en fin, terme revolcado humildemente naquela cousa que soemos chamar pracer. Pode estar satisfeito, señor Brines, de lograr pervertirme tan a conciencia. Vaian para vostede as miñas gracias polas súas "confidencias", ás que non me atrevo a chamar pedazos de vida, suspiros nacidos no máis fondo dos seus pulmóns, diría eu.

(Para ler: Brines, Francisco. *Selección Propia*. Madrid, Editorial Cátedra, Colección Letras Hispánicas. N° 201. 1984)

Juan José Vázquez Pousada

AMALIA RODRIGUES E OS FADOS

"Ouvir Amália Rodrigues é sempre percorrer o mais belo caminho da Música Popular Portuguesa", reza na carátula do Compact Disc que hoxe comentamos, editado por Movieplay Portuguesa S.A. en 1990.

Trátase de 16 cancions de Amália nos anos 50, "interpretações que mereceram já todos os elogios, dos críticos más exigentes, da alta-sociedade, da realeza, como do povo humilde desta Lisboa que beija o chao que Amália pisa", a Lisboa que cantará no "Fado das Tamanquinhas". Porque, sen dúbida, non se trata de calquera 16 cancions, trátase de fados. Esas melodías ó parecer xurdidas no Portugal mariñeiro da época dos descubrimentos pero que gardan recordos da poesía dos trovadores da Idade Media, tan querida polos que facemos esta revista.

O disco ábrese cun tópico, o tono tristeiro dos fados, nunha "Triste Sina" apenas superada en fermosura e intensidade, dentro deste tema dos amores perdidos ou das vidas que transcorren por camiños non desexados, apenas superada, digo, por "Conta Errada". En ambas, especialmente na primeira, refléxase a etimoloxía da palabra "fado" que, ó parecer, vende latín "fatum", esto é, destino. Ese algo ineludible que preside e dirixe misteriosamente as nosas vidas, o cal as dota moitas veces de tristura. Da mesma que aparece no fado, convertido por eso a miúdo en laio triste.

O amor é outro dos protagonistas dos fados e, por iso, deste disco de Amália. Por suliñar dúas pezas somente, recomendaremos "Céu da Minha Rua", e xa caseque o final da audición, unha cantiga na que só o título é xa toda unha declaración de amor, "Quando os Outros te Batem, Beijo-te Eu". Engadamos á letra o bico da voz de Amália, e o resultado é insuperable.

As guitarras de Domingo Camarinho e Jaime Santos inician, según a miña opinión, a mellor canción do disco, "Fado Marujo". Nela a voz de Amália brila sen acompañamentos excesivos, facendo alarde dun sentimento e dunha potencia, que chegan a emocionarnos na súa sinxeleza.

Na época da Revolución dos Caraveis, que abrira, por certo, como contraseña outra canción "Grándola, Vila Morena" de José Afonso, o ministro Vasco Gonçalves chegou a dicir que o opio do povo eran as tres "F": Fátima, fútbol e fado. Ben, pois daquela recoméndovos vivamente que vos "coloquedes" escoitando fados. ¡Se tódolos vicios e adiccionés foran coma esta!

J.F.G.

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

¡Se o tempo volvese! Pero eso non é posible. "A ocasión píntana calva e hai que collela polos pelos". Isto pasou a muita xente ca obra de Shakespeare "O sono dunha noite de verán", que o 13 de Agosto representou o "Centro Dramático Galego" no Auditorium de Betanzos. O espectáculo foi grandioso. Digno de ollalo; de meterse nel como se fósemos un dos actores. A maxia, a cor, a interpretación, todo xunto foi un regalo para os ollos. Atopábaste nun mundo entre real e fantástico que, penso, soñou o mesmo autor, o inglés Shakespeare, quen, se o vira, falaría del coma García Lorca ca súa obra "La casa de Bernarda Alba": <Isto é teatro>.

¿Voltará ós nosos escenarios? Se temos esa sorte, non o perdamos. Mientras, leede a obra, e deixade voar a imaxinación. Poida que sexa un son, inda fóra do verán.



A FÁBRICA DA POLÉMICA: RIEGO

Cando pensei nalgún problema máis ou menos grave da cidade onde residimos, a mirada encabeceina cara ás orillas do río Mandeo; e alí estaba: a fábrica de terrazos Riego. Redactando este artigo penso que polo menos podo intentar tomar cartas no asunto con esta oportunidade que teño.

Este é un problema que nos afecta, porque nos afecta a todos, e cada un de nos debe por o seu grao de area para que este problema se erradique dende a súa raíz. Porque este si que é un gran problema. A proba está en que fai moitos anos, polos tempos dos meus pais, os xoves e os maiores podían disfrutar dun río con augas cristalinas que utilizaban para bañarse e xogar. Agora ese río está totalmente inalcanzable para calquera bañista que desease disfrutar das augas. Estas están cheas de grasas, cristais, pedras, lixo, e toda clase de residuos tóxicos que fan dun río que debía merecer noso respeto por alegra-la nosa paisaxe coas súas augas, outro totalmente inservible para un turista ou un veciño noso.

Parte da culpa, e na súa maioría, débese á fábrica que antes mencionei. Esta fábrica guinda a este río, que no seu recorrido pasa pola parte lateral-traseira desta, gases e restos dos tintes que utilizan para colorar os terrazos. Estos residuos volven a auga do río Mandeo de cores distintas, tendo así un grande repertorio nas súas augas: branco, marrón, etc. Todo isto perjudica moi seriamente ó río, e pouco a pouco, día a día, o imos contaminando, e isto o imos sufrir. Tarde ou cedo, ímonos dar conta que entre todos "matamos" este río, e entón xa será demasiado tarde para que unha das maiores responsables, a


fábrica Riego, laméntese de haber convertido o río Mandeo nun almacén onde os resíduos tóxicos están almacenados. E senón, ¿recordan vostedes a cantidade de bancos de peixe que había neste río? ¿E recordan tamén a cantidade de patos que, mestuosamente, nadaban polo río axudando a éste a demostrar que era un río de proveito? Dende logo, fai moito tempo que non podemos divisar calquera destas dúas cousas, e dentro de pouco xa non veremos nin o río mesmo.

Eu pregúntome que se de verdade a fábrica Riego posúe unha depuradora, ¿por que guindar os restos dos tintes ó río, e por que ó guindalos as augas do río se coloran e estos restos vanse acumulando no fondo destas augas? Porque é verdade. O fondo do río está ocupado por acumulacións de restos de residuos que posúen unha cor branca e que pouco a pouco ocuparán toda a superficie, xa que cada día se expulsan máis e más restos. Eu invito lles a comprobalo, e se darán conta de que nun escaso tempo este río xa non existirá máis.

Pero deixando a un lado o tema da contaminación, atopámonos co tema do traballo. Riego é unha fábrica que facilita moitos postos de traballo, e isto beneficia ó pobo. Os empregados só ven que en Riego teñen unha fonte de ingresos para alimentar unha familia, para ser alguén, e ata máis de un ese traballo será a súa vida. ¿Que pasa con eles?

Así que, agora a decisión a teñen vostedes. Collan unha balanza e pensen. Riego é unha fábrica que sempre, o polo menos agora, estará destinada á polémica. Agora que, a pesar disto, ¿débese pechar?

Julio Pérez Domínguez



Xardíns para ollar. Xardíns para pasear

Cando se vive nunha cidade, áinda que sexa nas dimensións modestas da nosa de Betanzos, a calidade de vida se pode medir, entre outras cousas, pola cantidade de espacios verdes, xardíns. En Betanzos non abondan. Na praza do Concello un reducidísimo. Frente ó Cuartel da Garda Civil, o esqueleto tráxico do que foi e ninguén quere que volva a ser. Os xardíns más grandes están nas aforas. Nada que comentar sobre os da Ponte Nova e da Ribeira. En cambio, na Condesa apréciase un interés por experimentar plantacións de flores de tempada facendo as máis tortas figuras, e por riba sen ningún orde no conxunto.

¿Os xardíns son para ollalos ou para pasealos? Pisa-la herba é un dereito que podemos reivindicar. Que os nosos rapaces poidan xogar ó balón nesa herba, outro.

Pistas... ¿de que?


Todos, e sobor de todo os xoves, levamos unha gran ledicia cando, non fai moito tempo, anunciose a apertura dunha pista adicada exclusivamente ó uso do ciclista. Pensabamos que, por fin, o amante da bicicleta tiña un lugar en Betanzos coa debida seguridade para practica-lo seu deporte favorito. Nun principio todo comenzó moi ben: a pista funcionaba de maravilla, a aceptación era grande, diversos campionatos se celebraron nesta pista, etc. Pero o que non dimos en atinar é que, unha vez feita, esta fá ser invadida por grupos de motocicletas que se adican a facer toda clase de movementos bruscos que

poñen en perigo tanto a vida de toda persoa que circule en bicicleta, coma a do mesmo dono da motocicleta. Pero por si iso non fora pouco, tamén os automóviles adícanse a facer ditos exercicios aumentando así áinda máis o risco de posibles accidentes cos ciclistas. ¿Que? ¿Acaso xa non hai responsabilidade? Unha vez que se ten unha pista en condicións para practica-lo deporte da bicicleta, todo remata nunha pista que non se sabe de que é? ¿Motociclismo, automobilismo ou ciclismo? Deberíamos ter algúna seguridade.

As malditas goteiras.

¿Ata onde pode chegar a escasa preocupación por parte das persoas que gobernan Betanzos cara os habitantes de dito municipio que lles gusta practica-lo deporte? Pois ata o límite de que non lles preocupa o que non poidamos disfrutar como é debido do que era gran Polideportivo Municipal de Betanzos.

Tiñamos, e digo tiñamos porque xa non temos, un dos mellores polideportivos de toda Galicia. Disponemos de clases de deportes como futbito, baloncesto, judo, badminton, etc., de vestuarios e duchas de bastante boa calidade, e pistas en casi perfectas condicións. Pero parece ser que isto non lles importa para nada ós altos mandatarios porque non fan nada por amañar o teito do Polideportivo, que dende fai tempo deixa pasar a auga da choiva en forma de goteiras por moitos sitios das pistas centrais. Proba disto é que cando se celebraron os campionatos de España de Badminton e Fútbol feminino, as goteiras fixeron a súa aparición, e neste



último campionato houbo algunas caídas de xogadoras por atinar coas charqueiras formadas polas goteiras.

Pero como parece que isto non lle interesa a ningunén, ipois a "presumir" de que dentro de pouco non teremos Polideportivo!

A invasión dos... automóviles.

Un verdadeiro título: misterioso e, por tanto, nada seguro. Un título para unha protesta que cada día vai en aumento, e en realidade non é de extrañar.

Eu pregúntome, ¿para que temos beirarrúas se apenas podemos facer uso delas, xa que os automóviles non paran de invadilas? Porque hai veces en que un debátese entre baixar da beirarrúa, cos conseguintes perigos do tráfico, ou pasar rozando un dos contenedores municipais que almacena o lixo. Eu penso que para os coches están os aparcamentos, e as beirarrúas para o peatón. ¿Equivócome?

Asumir sen complexos: un reto ó alcance

E moi probable có desinterese, senon desprecio que as institucións públicas demostran diariamente cara a conservación do noso legado tradicional non sexa máis cunha prolongación palpable do desdén que moitos betanceiros non disimulan respecto a todo o que sone a "tradición", mal sinónimo do seu verdadeiro rechazo: "o rural= aldea".

Temos no noso concello uns magníficos "castros" que ninguen repara en conservar; tiñamos parte dunha posible calzada romana agora desfeita; fai uns meses perdeuse unha das entradas á mina do "azogue" ante a pasividade ou pior, ante o desconocimento das autoridades municipais; o único muiño impresionante conservado con cariño nas mans dun particular; destrozouse o impresionante lagar do pazo de Bendaña nunhas extrañas circunstancias; perdeuse aquel cruceiro do Cristo da Riveira, aínda que recentemente se puxo outro novo, xa afectado por pintadas salvaxes; e mesmo, ¿non é inaudito que xamás afloren restos arqueolóxicos no Casco Histórico máis nun momento que tanta rehabilitación se reliza?. Os exemplos conformaría unha grande esquela de defuncións irresucitabeis.

Esta inhibición das autoridades sería excusable


se non tivesemos a certeza que cando un anciano falece desaparece con él toda unha chea de coñecimentos e lembranzas que serán imposibles de escoitar noutros beizos; se non tivesemo-la certeza que cando un pombal, un muiño ou un horreo tumba estamos a perder un exemplo de arquitectura tradicional irrecuperable.

E moi certo que os cativos que agora nacen xa nunca poderan admirar a perfecta feitura dun lagar -non quedan máis que catro ou cinco no concello-; non entenderán a simboloxía cá lúa posee para os nosos avós; ningunén lles explicará o maravilloso mecanismo dun muiño de auga; palabras como "taona" parecerállas do galego medieval; este é o triste futuro que nos agarda se estas nosas autoridades -é a sociedade en xeral- non toman conciencia do que está en xogo nestes anos.

Os responsables da planificación e financiación das actividades culturais parecen non se decatar que o termo "cultura" non só implica concertos e exposicións senón que acolle conceptos como a ensinanza da beleza de Caraña, de Roibeira, a visita dun "lugar", dunha vivenda agrícola, remar nun bote o Mandeo, ¿esto tamén é cultura!. Non terá tanta repercusión electoral pero, ié cultura!

Nesta perspectiva facémos un ilusionado chamarro a os nosos municipios para a materialización dun amplio, proxecto que abarque labouras de catalogación do patrimonio, grabación de conversacións cós nosos ancianos, confección dun mapa lingüístico pormenorizado dos lugares da bisbarra, centralización no museo de exemplos tipificadores de cada elemento, etc.

Esta eficaz labora de recuperación non indicaría más que unha cousa: "A asunción do respeto e admiración que toda a sociedade debe poseer respecto a heranza cultural dos seus antepasados" (pois actualmente este respeto soio é manifestable cando non existe confrontación con intereses económicos).



O vello Cidre. Verán do 92

Esquema dun lagar, segundo Pedro de Llano

NOTICIAS

VERÁN 92

De certo que sí; a verdade é que este verán foi o que se di "unha pasada". Tivemos ó longo dos meses de Xuño, Xullo, Agosto actividades de todo tipo: deportes, teatro, música, exposicións, etc.

Abofé que non quero que se me esquenza nadiña; pero vai ti a saber. De tódolos xeitos, se nesta relación de acontecementos que vou facer se me queda algo no tinteiro, espero que ninguén me rife o se amole. Tan só lle pido que, se quere sair no próximo Avelaíña ó 100%, que se achegue a nos e nos conte calquera cousa que lle pareza de interés especial.

Pois ben; imos aló. E escomenzaremos polo mes de Xuño, que abriu o programa brigantino de verán cun torneo de fútbol sala feminino senior os días 6 e 7, realizado no polideportivo. Tan só tres días despois puidémonos "deleitar" cun concerto a cárrego dos alumnos do Conservatorio Municipal, os cales, mal que ben, o fixeron o mellor que puideron (douvos fe delo), e pasaron uns nervios do demo. Máis tarde, xano día 14, voltamos ós deportes, cunha festa adicada a esta actividade, que se realizou na praza García Irmáns. Neste acontecemento colaboraron asociacións coma Ludisport ou o Club Ciclista de Betanzos, ademais da Sociedade Recreativa Cultural e Deportiva da nosa cidade, e o Clube de Badminton da mesma.

O mes seguiu con música; cáse que a finais, posto que nas dúas últimas semanas foi cando poidemos disfrutar dun magnífico Ciclo de Música, con tres fantásticas actuacións: a do barítono Antón de Santiago, acompañado polo pianista Pablo Ferreño; a dun increíble guitarrista, Carlos Alberto Pérez Martínez; e, para rematar, un home que sacou do piano os sons más fermosos, Nicolás Cadarso. Así chegamos case ó remate do mes.

E chega Xullo, mes de calor e diversión ó mesmo tempo. Pois ben; do 10 ó 30 puidemos ver no Liceo a exposición "Gráfica 92", levada este ano pola Universidade Menéndez Pelayo. No Edificio Arquivo só puidemos ver unha pequena mostra dos gravados que máis tarde decorarían a nosa vila polos seus balcóns. O xoves 23 de xullo houbo na Aula Municipal de

Cultura un concerto a cárrego da Coral Polifónica de Betanzos; e tan só un día despois puidemos disfrutar do concerto que deu o Real Coro "Toxos e Froles" do Ferrol no mesmo lugar. E xa para rematar o mes, puidemos ver o día 29 unha actuación pertencente á xira "Festiga Galicia 92"; tratábase do III Festival Folklórico Internacional de Música e Danza, coa participación de Italia, México, Rusia, Andalucía e Galicia (Oa grupo ruso non pudo asistir por problemas na fronteira do seu país) Interesante intercambio cultural ó travésdoutros eidos distintos ós libros: a música e a danza.

Non remataremos este, nin outro mes, sen falar do cine. O Concello de Betanzos pon ó alcance de toda a xente, e durante o verán, un ciclo cinematográfico na rúa. Ás veces por mor do mal tempo ou dos medios de transporte, o filme non chega á pantaia, ou chega un distinto ó que nós pensabamos; mais esos son problemas pequenos e sen importancia, que sabremos perdoar, ainda que só sexa para que o cine na rúa siga adiante.

E despois deste discursiño, escomenzaremos o mes de Agosto, que tan só por chamarse así, xa pode ter un libro autoadecidado; aínda que nós centrarémonos más nas actividades culturais que nas festas de San Roque. Deste xeito falaremos de exposicións. Dúas. Unha delas do 1 ó 13, a cárrego da Escola Taller, e que foi anunciada baixo o eslogan "Expo-Escola-Taller". Nela puidemos disfrutar da fermosura de moitos dos traballos artesanais da mesma. Outra ó longo de todo o mes (do 1 ó 31), acárrego da Escola Municipal Infantil "Cocofantes". Foi unha exposición de actividades e material á que puidemos acceder no Edificio Arquivo. E parano rompera monotonía, outra exposición, "esta vez" no Edificio Arquivo, que se presentou baixo o título "Euroamericana de grabado 3/92". Puidemos visitala do 4 ó 13 deste mes. Gustaríame falar algo dela, pero o certo é que non podo, posto que non asistín, aínda que me tería gustado facelo. E agora si; ¡MÚSICA! Din que era un dos maiores placeres dos deuses, e chegaría a selo dos betanceiros coa axuda do Concello. Pois ben; o día 8 ás 10,30 puidemos disfrutar dunha fantástica e orixinal actuación da agrupación musical Albeniz (con N, no con R), na que o acto, dividido en dúas partes, contou cunha variopinta selección de temas, entre os

que puidemos escutar os típicos e populares Fandangos, Malagueñas entre outras.

E por fin chegamos á actuación estelar do verán. Se por min fora, o Avelaíña estaría adicado a ela. Pero non é posible, así que falaremos rapidiño. O día 13 (xoves) para inaugurar o Coliseo do Pasatempo, foi representada a obra "Un sono de verán en Galicia". Esta obra é un increíble cúmulo de colorido, imaxinación e fantasía, todo repartido por un escenario alucinante, con persoaxes de conto e actores dun nivel excepcional. A actuación brilou pola súa riqueza de expresión, aqueles pequenos truquiños de maxia no espectáculo, a grandeza do vestuario e... En fin, non podo seguir. Foi "a restauración dunha identidade".

E así chegamos ó día 14, no que se abríu a "XII mostra do arte e a cultura popular Inzar", que ficaría aberta ata o día 29. Tamén é o día 14 candose abre a exposición de óleos de Pilar Díaz Monterroso.

Así chegamos o día 24, víspera dos Caneiros (dos pacíficos, din), e nel puidemos disfrutar dunha magnífica actuación do Grupo Milladoiro, que a pesar dos pesares (a xente me entenderá), tocou; con foguetes de fondo, pero tocó. E se fixeron co público, e a xente brincou, bailou e pasouno ben, aínda que os coches e autobuses pasaran pola estrada, e as tómbolas ficaran abertas. Pero con todo, Milladoiro tocó.

Pois xa no día 29 temos a actuación de gru-

pos rock, que lle amenizaron a noite a moitos rapaces betanceiros, como xa antes o fixeran "Los Limones".

Setembro. Nomearei as actividades ás que poderedes asistir:

-- Exposición colectiva de pintura do 18 ó 30.

-- Coral Polifónica de Betanzos e Orfeón de Gondomar de Portugal o día 5, nun intercambio cultural.

-- Se tedes entre 12 e 14 anos poderedes ir á Expo co Concello e a Diputación do 27 ó 1.

-- E xa vos podeis matricular no Conservatorio Municipal. Dende o 14 ó 30.

Nos despedimos; tan só unha cousa: ¡Espero vertos a todos na Festa do Mosto o día 3 de Outubro!

Victoria e Inés.



LLANTO POR LA MUERTE DE ANTONIO MACHADO Y RUIZ

*... me encontraréis a bordo ligero de equipaje,
casi desnudo, como los hijos de la mar.*

Aquellos días azules
y aquel sol de la infancia
que ahora desnudo recuerdo,
calientan de nuevo mi alma
y me hacen con fuerza llorar.
Aun ligero de equipaje
no quiero por padre al mar.

Aquellas tibias mañanas
y aquel frío abrasador
soportaba el robledal
bajo el puro azul del cielo
y en el levante otoñal
la aurora soñolienta
anunciaba su llegada
con un tenue resplandor.

Aquellas gentes humildes
y aquellos hombres amables
trabajaban bien los campos.
Los que fueron descendientes
de los pobres ganapanes
olvidaban que segaron
los desnudos peñascales.
El sol quemaba en lo alto
el cogote amoratado
del sufrido segador
que manchaba con sus manos
el trigo amarillento.
En los montes, los pinares,
y en sus ramas negros grajos
de graznido polvoriento.

Aquellas tardes serenas
y aquel sol agotador
que tiernamente alumbraba
los anchos campos callados
de un pardo atardecer.
La suave brisa cansina
soplaba y movía
con dulce monotonía
las pocas hojas con vida
de los álamos del río.

Corría el agua turbia
bajando desde la fuente
con ritmo sonoro y hueco
a mojar el suelo seco,
a empapar la hierba mustia.
Venían nubes rojizas
desde el fin del horizonte
a manchar el cielo plomizo,
a cubrir de sombras la tierra
que un día fuera pura
y ahora es sepultura.

Pasé doloridamente por esta vida
dejando unas cuantas palabras verdaderas.
El amor y la bondad fueron mi doctrina
y ahora me voy temblando
a buscar a Dios entre la niebla.

Juan Vázquez Pousada



